

BASES PARA REGULAR A PARTICIPACIÓN NA CABALGATA DE REIS DO CONCELLO DE CULLEREDO 2018

1.- Obxecto

A concellería de desenvolvemento socioeconómico, turismo e festas pretende regular coas presentes bases a participación de "figurantes" na Cabalgata de Reis 2018 do Concello de Culleredo, que se celebrará o 5 de xaneiro de 2018.

2.- Participantes

Pódense inscribir todos os nenos e nenas que, na data do 1 de xaneiro de 2018, teñan unha idade comprendida entre os 8 e os 11 anos. O total de prazas ofertadas será de 50.

3.- Inscripción

O período de inscrición de solicitudes será desde as 9.00 h do martes 12 de decembro até as 20.00 do martes 19 de decembro. As solicitudes formalizaranse enviando un correo electrónico a turismo@culleredo.es, onde se deben facilitar os seguintes datos:

- Nome, apelidos e data de nacemento (idade).
- Nome e apelidos da nai, pai ou representante legal do/a menor, no seu caso, e autorización da participación do/a menor na Cabalgata.
- Teléfonos de contacto.
- Correo electrónico.
- Autorización de uso da imaxe.

Aquelas persoas que desexen facelo presencialmente poden achegarse desde o día 14 de decembro ao Centro municipal de formación Pablo Picasso.

4.- Adxudicación de prazas.

A adxudicación de prazas realizarase mediante sorteo público, en caso de que as solicitudes excedesen a oferta dispoñible. A cada unha das solicitudes debidamente cubertas asignaráselle correlativamente un número, que será o que corresponda o día do sorteo. O sorteo terá lugar o xoves 21 de decembro, ás 10.00 h, no Centro municipal de formación Pablo Picasso. Unha vez cubertas as prazas dispoñibles, crearase unha listaxe de agarda para cubrir baixas ou novas necesidades

Unha vez finalizada a adxudicación, comunicaráselles ás persoas interesadas (mediante un correo electrónico ou por teléfono) a súa participación na cabalgata, así como a información necesaria para participaren nela: lugar e horario de presentación do día 5 de xaneiro e horario e forma de recollida dos menores.

Se unha persoa das admitidas, por razóns persoais, non puidera participar na Cabalgata, deberao comunicar no Centro municipal de formación Pablo Picasso (981.664 204) con anterioridade ao venres 4 de xaneiro de 2018. Será substituída pola persoa que, por rigorosa orde conste na lista de agarda.